



Concello de Lourenzá

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2024/13	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

TipoConvocatoria:

Extraordinaria
Motivo: «PLENO SUBSTITUTIVO DO ORDINARIO DO MES DE SETEMBRO PARA O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS LEGAIS NO ENVÍO DA CONTA XERAL.»

Data:

01/10/2024

Duración:

Desde as 11:00 ata as 12:30

Lugar:

Salón de Sesións

Presidida por:

ROCIO LOPEZ GARCIA

Secretario:

ANA BARREIRO GOMEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33861773T	BELEN FANEGO BARREIRA	SÍ
76939624R	FRANCISCO JAVIER SUAREZ VAZQUEZ	SÍ
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
33844382C	MARIO LEITÓN RAMALLAL	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
33306541B	REMEDIOS GALLO FERNÁNDEZ	SÍ





Concello de Lourenzá

34636672Y	ROBERTO DÍAZ EXPÓSITO	NON
76580879X	ROCIO LOPEZ GARCIA	SÍ
77594453C	SANDRA GÓMEZ MARADONA	NON
33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 14/05/2024 E 30/07/2024.

A Señora Alcaldesa pregunta os Señores Concelleiros se teñen algunha obxección que facer os borradores das actas das sesións ordinaria de data 14/05/2024 e extraordinaria de data 30/07/2024 e non habendo somete a votación a súa aprobación que resultan aprobadas cos votos a favor dos seis concelleiros do Partido Socialista de Galicia-P.S.O.E. e tres abstencións da concelleira do BNG e as dúas concelleiras do PP.

Expediente 243/2024. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DA CORPORACIÓN DO EXERCICIO 2023 INTEGRADA POLA CONTA DO PROPIO CONCELLO E DA FUNDACIÓN SAN SALVADOR.

A Señora Alcaldesa manifesta que, esto e o que xa se levara a Comisión Especial de Contas. Doña Remedios, Concelleira do PP, pregunta se a Fundación se dissolveu e se cambiou de directiva. A Señora Alcaldesa responde que no, mirárase xa no anterior mandato, cambiouse de membros e agora decidiuse que se miraría se con ese diñeiro se puideran facer cursos de formación pero isto depende dos outros Concellos. A voceira do BNG, manifesta que, existindo ese remanente, poderíanse axilizar as axudas as asociacións que son as que dinamizan e facer pequenos arranxos. Previa deliberación ó efecto, o Pleno da Corporación, con seis votos a favor, do Partido Socialista de Galicia-P.S.O.E., e tres abstencións, dúas do Partido Popular e unha do B.N.G., ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral da Corporación do Exercicio 2023, quedando cumpridamente xustificada, integrada pola Conta Xeral do propio Concello cuio





Concello de Lourenzá

resumen e o seguinte e a Conta da Fundación San Salvador do ano 2023:

Resultado orzamentario:

RESULTADO ORZAMENTARIO	EUROS
DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	2.981.043,77
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	2.822.878,77
TOTAL RESULTADO ORZAMENTARIO	158.165.00
(+) GASTOS FINANCIADOS RLTX:	164.620,78
(-) DESV. POSITIVAS FINANZAMENTO	278.440,24
(+) DESV. NEGATIVAS FINANZAMENTO	94.933,54
TOTAL RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO:	139.279,08

Remanente de Tesouraría.

A. (+) Dereitos pendentes de cobro a 31/12/2023	EUROS
Dereitos pendentes de cobro do orzamento corrente.	350.011,56
Dereitos pendentes de cobro de orzamentos pechados.	378.847,05
Dereitos pendentes de cobro correspondentes a contas de debedores que non sexan orzamentarios.	4.052,68
DEREITOS PENDENTES DE COBRO:	732.911,29
B. (-) Obrigas pendentes de pago a 31/12/2023	EUROS
Obrigas pendentes de pago do orzamento corrente.	55.851,30
Obrigas pendentes de pago de orzamentos pechados.	0,00
Obrigas pendentes de pago correspondentes a contas de acredores que non sexan orzamentarios.	75.451,36
OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	131.302,66
C. (+) Fondos líquidos a 31/12/2023	1.041.581,51
- Saldos dispoñibles en caixas de efectivo e contas. bancarias.	0,00
- Investimentos temporais en que se materializaron os excedentes temporais de tesouraría que non teñan carácter orzamentario.	0,00
FONDOS LÍQUIDOS	1.041.581,51
D. (-) Partidas pendentes de aplicación definitiva a 31/12/2023	





Concello de Lourenzá

(-) Cobros realizados Pendentes de Aplicación Definitiva.	195.048,94
(+) Pagos realizados Pendentes de Aplicación Definitiva.	0,00
PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN:	-195.048,94
TOTAL REMANENTE DE TESOURERÍA	1.448.141,20
DEREITOS PENDENTES DE COBRO DE DIFÍCIL OU IMPOSIBLE RECADACIÓN:	222.130,44
EXCESO DE FINANCIAMENTO AFECTADO:	215.779,36
TOTAL RT GASTOS XERAIS:	1.010.231,40
SALDO OBRIGAS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO:	28.265,94
SALDO OBRIGAS POR DEVOLUCIÓN DE INGRESOS PENDENTES:	467,79
REMANENTE DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS AXUSTADO:	981.497,67

Segundo.- Render a Conta Xeral/2023 así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Terceiro.- Facultar á Sra. Alcaldesa, D^a. Rocío López García, para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

MOCIÓN BNG: CONSTRUCCIÓN PASEO FLUVIAL AO CARÓN DO RÍO MASMA.

A Señora Alcaldesa manifesta que, se presentou esta Moción e pasa a darlle a palabra a Voceira do BNG. A voceira do BNG pasa a dar lectura a seguinte Moción: "Exposición de motivos:

O río Baos é un recurso natural de gran valor para Lourenzá ; a súa contorna ofrece un potencial significativo para o desenvolvemento de actividades recreativas e turísticas, polo que propoñemos a construción dun paseo fluvial nas beiras de dito río.

Esta iniciativa non só melloraría a calidade de vida dos habitantes de Lourenzá, tamén fomentará o turismo e a conservación do medio ambiente. A creación do paseo fluvial proporcionará beneficios para toda a comunidade,





Concello de Lourenzá

pois proporcionará un espazo para que veciños e visitantes gocen de actividades ao ar libre dun espazo privilexiado.

Un paseo ben deseñado pode atraer turismo, o que beneficiaría aos negocios locais e contribuiría á economía municipal.

A habilitación do paseo pode ir acompañada de iniciativas para a conservación do entorno natural e no ámbito da educación ambiental promovendo o cuidado do río e a súa biodiversidade.

Dada a situación financeira actual do Concello coa existencia de máis de 900.000 euros en Remanentes de Tesourería, podería ser o momento para facer este investimento. A construción do paseo non é soamente unha inversión en infraestruturas, tamén é unha inversión no benestar da veciñanza .

Proposta:

Polo exposto, solicitamos da Corporación Municipal de Lourenzá que considere a construción dun paseo fluvial ao son do Baos, empregando parte dos Remanentes de Tesourería dispoñibles. Propoñemos que se realice un estudo da viabilidade e un deseño preliminar do proxecto de cara a darlle continuidade en anos vindeiros, nunha planificación pensada a longo prazo, levándoo a todos os puntos do Concello que se presten para elo, e deste xeito potenciar a todas ás parroquias por igual. Deberemos consultar aos veciños para recoller as súas suxestións e achegas. Consideramos que pode ser o momento adecuado para iniciar este proxecto na contorna entre a Ponte de Cuñas e o Pozo do Pombo dada a existencia da Ruta Literaria Fernández del Riego, xa que como dicía Don Paco, eran moitas as veces que nos rapaces se refrescaban nesa zona, ademais, a futura apertura da área de autocaravanas na zona do Ranchito, supón un aliciente máis para potenciar e realzar esa zona privilexiada de Lourenzá. A creación dun paseo fluvial é unha oportunidade para mellorar a calidade de vida dos nosos cidadáns, fomentar o turismo e coidar o noso entorno natural. Por todo isto pedimos que esta Moción sexa considerada e aprobada por esta Corporación."

Dona Remedios manifesta que, é unha boa proposta e pregunta se é unha servidume.

A voceira do BNG responde que no, sería un camiño como poderían ser outras propostas e para manter ar marxes dos ríos limpos para facer no tempo.





Concello de Lourenzá

Dona Remedios, manifesta que lle parece correcto. A Señora Alcaldesa responde que, consideran que é bo e que xa o tiñan mirado pero hai outras prioridades para gastar o remanente e que eles engadirían que como vai na zona de servidume de Augas de Galicia e paralelo a unha estrada autonómica e como esa Administración ten mais recursos, propoñemos trasladar esta proposta a Augas de Galicia. A voceira do BNG responde que, non hai problema que se poden pedir axudas a outras Administracións implicadas é unha planificación pensada a longo prazo.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos nove concelleiros presentes, seis pertencentes o Partido Socialista de Galicia-P.S.O.E., dúas concelleiras do Partido Popular e a concelleira do B.N.G., e polo tanto por maioría absoluta, ACORDA: Primeiro.- Aprobar, a Moción presenta polo BNG que se transcribe a continuación, engadindo a mesma, solicitar a Augas de Galicia e a Deputación Provincial de Lugo a súa colaboración económica para poder levalo a efecto:

“Exposición de motivos:
O río Baos é un recurso natural de gran valor para Lourenzá ; a súa contorna ofrece un potencial significativo para o desenvolvemento de actividades recreativas e turísticas, polo que propoñemos a construción dun paseo fluvial nas beiras de dito río.

Esta iniciativa non só melloraría a calidade de vida dos habitantes de Lourenzá, tamén fomentará o turismo e a conservación do medio ambiente. A creación do paseo fluvial proporcionará beneficios para toda a comunidade, pois proporcionará un espazo para que veciños e visitantes gocen de actividades ao ar libre dun espazo privilexiado.

Un paseo ben deseñado pode atraer turismo, o que beneficiaría aos negocios locais e contribuiría á economía municipal.

A habilitación do paseo pode ir acompañada de iniciativas para a conservación do entorno natural e no ámbito da educación ambiental promovendo o cuidado do río e a súa biodiversidade.

Dada a situación financeira actual do Concello coa existencia de máis de 900.000 euros en Remanentes de Tesourería, podería ser o momento para facer este investimento. A construción do paseo non é soamente unha inversión en infraestruturas, tamén é unha inversión no benestar da veciñanza .





Concello de Lourenzá

Proposta:

Polo exposto, solicitamos da Corporación Municipal de Lourenzá que considere a construción dun paseo fluvial ao son do Baos, empregando parte dos Remanentes de Tesourería dispoñibles. Propoñemos que se realice un estudo da viabilidade e un deseño preliminar do proxecto de cara a darlle continuidade en anos vindeiros, nunha planificación pensada a longo prazo, levándoo a todos os puntos do Concello que se presten para elo, e deste xeito potenciar a todas ás parroquias por igual. Deberemos consultar aos veciños para recoller as súas suxestións e achegas. Consideramos que pode ser o momento adecuado para iniciar este proxecto na contorna entre a Ponte de Cuñas e o Pozo do Pombo dada a existencia da Ruta Literaria Fernández del Riego, xa que como dicía Don Paco, eran moitas as veces que nos rapaces se refrescaban nesa zona, ademais, a futura apertura da área de autocaravanas na zona do Ranchito, supón un aliciente máis para potenciar e realzar esa zona privilexiada de Lourenzá. A creación dun paseo fluvial é unha oportunidade para mellorar a calidade de vida dos nosos cidadáns, fomentar o turismo e coidar o noso entorno natural. Por todo isto pedimos que esta Moción sexa considerada e aprobada por esta Corporación.”

Segundo.-Dar traslado do acordo adoptado a ditos Organismos Autonómico e Provincial e facultar a Señora Alcaldesa para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL							
DACIÓN DE CONTA DO PMP				2º	TRIMESTRE 2024.		EXECUCIÓN
TRIMESTRAL				2º			TRIMESTRE
A	Señora	Alcaldesa	pasa	a	dar	conta	do seguinte:
-Execución		trimestral		2º		TRIMESTRE	2024.
-PMP		2º		TRIMESTRE		2024:30,92	DÍAS
Os señores concelleiros danse por enterados.							
C) ROGOS E PREGUNTAS							
PREGUNTA DO BNG: PARCELA SEN LIMPAR EN AREA RECREATIVA DO RANCHITO							
Mº Belen Fanego Barreira, concelleira o BNG na Corporación Local de Lourenzá,							





Concello de Lourenzá

ao abeiro da lexislación vixente, eleva a Pleno a seguinte pregunta

Cara a finais de agosto, aproximadamente polo 22 ou 23, realizáronse tarefas de cortado de céspede na área recreativa do Ranchito.

Os restos desas tarefas foron depositados nunha zona próxima sen desbrozar e chea de maleza.

Poden indicarnos a quen pertence dito terreo e de ser propiedade municipal cal é o motivo que a día de hoxe siga sen limpar?

Adxunto fotos. “

A señora Alcaldesa responde que, é na Área do Ranchito na zona de afección da carretera foi canto se fixeron as tarefas de limpeza e as veces recóllese outras deixase.

PREGUNTA DO BNG: Árbores e a rotura dun banco no camiño que une a ruta do colesterol e Painzás

M^º Belen Fanego Barreira, concelleira o BNG fai a seguinte pregunta: Fai meses que se produciu a caída de árbores e a rotura dun banco no camiño que une a ruta do colesterol e Painzás. Esa estrada é bastante estreita e o estado no que se atopan as marxes cheas de maleza e con pólas de árbores invadindo a vía fan difícil a circulación de vehículos. Hai algunha previsión para efectuar tarefas de desbroce nese camilla para garantir unha maior seguridade aos seus usuarios?

PREGUNTA DO BNG: Burato na ponte do Nogueiredo

M^º Belen Fanego Barreira, concelleira o BNG fai a seguinte pregunta: En setembro do 2023 produciuse un burato na ponte do Nogueiredo ¿Como se atopan un ano despois os trámites para o seu arranxo? ¿Cales son os atrancas para facer dita reparación?

Señora Alcaldesa reponde que, están pendentes de que nos digan os trámites para poder arranxalo.

PREGUNTA DO BNG: Á pista de pádel fáltanlle cristais

M^º Belen Fanego Barreira, concelleira o BNG fai a seguinte pregunta: Á pista de pádel fáltanlle cristais e ta inhabilitada para o seu uso dende fai meses sen que fose arranxada en todo este tempo e sin que se puidera desfrutar dela no período





Concello de Lourenzá

de verán

que é cando é útil unha pista descuberta. ¿Teñen pensado arranxala en breve ou existe algún impedimento para facelo?

Señora Alcaldesa responde que, impedimento o económico e agora estase mirando un cristal de metacrilato.

PREGUNTA DO BNG: Sumidoiros da Vila atascados

M^º Belen Fanego Barreira, concelleira o BNG fai a seguinte pregunta: Moitos sumidoiros da Vila están atascados e cando chove a auga escorrega por calquera parte. Hai previsión de facer algunha labor de limpeza para acondicionalos?

A Señora Alcaldesa responde que, unha limpeza antes do inverno si.

PREGUNTA DO BNG: Expediente sobre obras incluídas no Ari

M^º Belen Fanego Barreira, concelleira o BNG fai a seguinte pregunta: o 7 de agosto rexistrei nas oficinas municipais unha solicitude de copia dun expediente sobre obras incluídas no Ari. ¿A que se debe que non se me faciliten ditas copias en tempo e forma?

A Señora Alcaldesa responde que, destes expedientes parte xa vai nas Xuntas de Goberno e que se mirará o acceso no Concello como concelleira.

PREGUNTA DO PP: Estado de abandono das estradas e pistas do noso Concello

A portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá fai a seguinte PREGUNTA:

“Queremos expresar a nosa preocupación un ano mais sobre o estado de abandono das estradas e pistas do noso concello, que se atopan sen rozar e desbrozar e xa rematado o verán.

Parécenos inaceptable que, a estas alturas" as vías non se atopen en condicións adecuadas, especialmente considerando que contamos con operarios do concello para elo, e con dous traballadores adicionais para- axudar nestas tarefas e renunciando a solicitar a brigada de incendios, que podería proporcionar personal para axudar a desbrozar moitas destas pistas, tal como se está a facer en outros concellos.

Igual que as pistas forestais que son unha auténtica vergoña ver en que condicións están, o cal vemos que a vostedes pouco lles importa porque xa non





Concello de Lourenzá

ven deste ano a deixadez, sinon dende fai anos (está todo como se fose unha selva) e debemos dar gracias de que non haxa incendios, xa que os vehículos de prenvención non poderían nin acceder. A nosa pregunta é: cal vai ser a solución para rematar estes traballos?"

A Señora Alcadesa responde, en primeiro lugar respecto as pistas, non solicitamos a brigada de incendios, porque esta non pode actuar, non sei se o saben, en pistas digamos non mecanizables e por iso solicitamos a mecanizada, xa que nos parece que e mais necesario limpar pistas para que poidan pasar a maquinaria, no plan de incendios deste ano fixéronse 54-55 kilómetros distribuídos por todas as parroquias.

PREGUNTA DO PP: Bar que se atopa nas inslalacións do edificio Torreón

A portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, fai a seguinte PREGUNTA

En relación co bar que se atopa nas inslalacións do edificio Torreón, O Partido Popular de Lourenzá quere preguntár se se vai a renovar a liecenza do bar? Ademais, gustarfanos .aber se o Concello está a pagar o seguro de Responsabilidade Civil, tendo

en conta que o bar carece de licenza actualizada, ou se realmente está sen asegurar.

A Señora Alcadesa responde que, xa o dixeran moitas veces, e a situación e que se están a ver os trámites para sacar unha nova licitación esperando a que saia a subvención.

PREGUNTA DO PP: Xubilación funcionaria e varias baixas de traballadores e traballadoras

A portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, fai a seguinte PREGUNTA: Como todos sabemos, fai meses se xubilou unha funcionaria do Concello e, ademais,temos varias baixas de traballadores e traballadoras. Poderían informarnos cantas persoas se atopan actualmente de baixa. E si están senda substituídas por outros empregados ou quen esté a realizar as súas labores durante este tempo? .

A Señora Alcadesa responde, si que houbo unha xubilación e actualmente hai cinco persoas de baixa e substituíronse dúas e do resto das tarefas fíxose un





Concello de Lourenzá

reaxuste e estano a asumir resto dos traballadores.

PREGUNTA DO PP: Actuacións realizadas por empregados do concello en labores de limpeza

A Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá fai a seguinte PREGUNTA:

Temos diversas anotacións sobre actuacións realizadas por empregados do concello en labores de limpeza, desbróce e corte. Exemplificamos con dúas situacións: a finca situada ao lado do Bar Morrigan, ande os viandantes se queixaban con razón das silvas que saían por fóra do muro e que incluso lles enganchaban na cabeza como pasaran despistados e a nogueira que caeu polo vento, situada na zona da fonte da Gracia. Dende o Partido Popular de Lourenzá, gustaríanos saber se estas labores foron realizadas de forma voluntaria por o concello, cal foi a razón para prestar este tipo de servizos a particulares ou se estes servizos foron cobrados. En caso afirmativo, cal foi o importe aboado polos propietarios particulares?

A Señora Alcaldesa responde, actúase en determinadas circunstancias cando afecta a vía pública o Concello actúa pero entrar a desbrozar unha finca dun particular non se fai.

PREGUNTA DO PP: Colaboración da Asociación de Comerciantes na Festa da Faba 2024

A portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá fai a seguinte PREGUNTA: Dende o Grupo do Partido Popular de Lourenzá, gustaríanos saber a en que colabora a Asociación de Comerciantes na Festa da Faba 2024. A Señora Alcaldesa responde, dende a Asociación colaboran xa na festa parte dos establecementos da ACIAL.

PREGUNTA DO PP: As subvencións

A Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá fai a seguinte PREGUNTA:

A día de hoxe están pagadas todas as subvencións ou queda algunha pendente; e si é o caso cal é o motivo de que a estas alturas non teña abonada? A Señora Alcaldesa responde que, as culturais están todas pagadas, a de Escolas Deportivas tamén e falta Senderismo e Atletismo porque lles faltaba documentación e o informe do técnico.





Concello de Lourenzá

PREGUNTA DO PP: Oficina de turismo

A Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá fai a seguinte PREGUNTA:

Durante este verán, e cando máis turistas visitan o noso Concello, observamos que a oficina de turismo estivo moitos días pechda. Cales foron os motivos? A Señora Alcaldesa responde que, foi o tempo transcurrido entre que terminou o contrato a técnica de turismo e se volveu a contratar cunha nova oferta, as visitas a Igrexa fixoas a empresa contratada polo Obispado co cal a igrexa estivo aberta e temos a sorte de ter a técnico de turismo 12 meses antes era só no verán.

PREGUNTA DO PP: Transporte

A Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá fai a seguinte PREGUNTA:

Nos chegaron queixas de vario país de alumnos que están cursando a ESO en Mondoñedo, xa que parece ser que este ano o Concello de Lourenzá non quere facerse cargo da cantidade que lle correspondería pagar, como viña facendo en anos anteriores, onde se pagaba unha parte os país e outra parte o Concello. A resposta que reebiron foi que, de principio, non ían ter esta axuda porque a secretaria non estaba disposta a realizar eses pagos.

Desde o goberno do Partido Popular non entendemos esta situación, de porque este ano non se segue coas axudas, cando nos anos anteriores si se facía, e ademais cando foi iniciativa do Concello, concretamente do seu tenente de alcalde, que se comprometeu cos país a encargarse deste asunto e así lle lo solucionou hasta este ano. Dican os país que non queren ser mal pensados pero que casualidad que as axudas foron mentras lle fixeron falta o seu fillo que estaba en esa situación hasta este ano. Poderían aclarar por que este ano se tomou esta decisión e se hai intención de retomar estas axudas? .

A Señora Alcaldesa responde que, eso de que lle corresponde o Concello non é así, é unha competencia da Xunta de Galicia, e un servizo a maiores para os da ESO, maior problema teñen os de BAG que non teñen transporte para ir e para vir, ese problema non o tiñamos foi dende que a Xunta o sacou e ante ese problema eu pedínlle o Tenente de Alcalde porque o coñecía mellor porque tiña un neno estudando e o ano anterior fixo BAG, o Concello deu reposta a un problema que lle plantearon os país, respecto a que a secretaria dixo que non se





Concello de Lourenzá

podía pagar así, a intervención do Concello de Lourenzá e a intereención de Mondoñedo advertiron que non se podían pagar esas facturas así porque non é competencia do Concello e estamos mirando outras maneiras de facelo e ningún pai pode decir que o Concello non ia pagar, non e problema dos pais, nin do Concello e da Xunta de Galicia e gustaríanos que se trasladara Xunta e os bonos de transporte no rural non se poden utilizar.

A señora Alcaldesa non habendo mais asuntos que tratar levanta a sesión.

Documento asinado dixitalmente.

